

Ares

BOLETÍN INFORMATIVO DO BNG-ARES



Tino Seco, portavoz municipal do BNG, ca concelleira Carme Brage e o Responsábel Local, Pedro Marcos, na zona do Mazote.

Ares: un paraíso de verán que expulsa á súa xente

O BNG propón medidas valentes e de futuro para ter acceso á vivenda

Cada vez é máis difícil vivir en Ares. A vivenda, un dereito básico, converteuse nun luxo ao que só accede quen ten moitos cartos ou quen vén especular. Comprar é moi difícil para a maioría, e atopar un alugueiro permanente é case imposible. O resultado? Ares énchese no verán e baleírase o resto do ano. A nosa vila, que debiera ser fogar para todas, está sendo convertida nun produto turístico, bonito para a postal... mais inhóspito para a vida real.

Este modelo non apareceu por casualidade. Hai anos que se promove unha estratexia urbanística deseñada para o beneficio privado e inmediato. Primeiro foi o bum da construción, con macroproxectos sen alma nin planificación. Logo, un goberno local que leva case dúas décadas sen cambiar o rumbo, consolidando unha visión de Ares como destino estacional e non como comunidade viva.

O PXOM aprobado en 2020 perdeu a oportunidade de poñer freo a esta deriva. Nin unha aposta clara pola vivenda habitual, nin unha protección eficaz fronte á especulación.

Mentres tanto, os alugueiros vacacionais disparan os prezos e expulsan á mocidade, ás persoas maiores sen recursos e ás familias traballadoras. Vivir aquí, para quen naceu ou traballa en Ares, é cada vez máis un soño imposible.

A estacionalidade tamén xera consecuencias directas: colapsos de tráfico, problemas de auga, aparcamento insuficiente... e unha fenda social que se agranda entre quen pode quedar e quen se ve obrigado a marchar.

O BNG de Ares propón actuar con valentía e con visión de futuro. Algunhas medidas urxentes son:

- Rehabilitar vivendas xa existentes para alugueiros accesíbeis.
- Esixir vivenda pública á Xunta da Galiza e ao goberno do Estado.
- Pór en uso as vivendas baleiras da SAREB para o alugueiro social.

Non podemos resignarnos a que Ares sexa só un decorado de verán. Queremos un Ares con vida todo o ano, con dereito a habitar, a construír comunidade, a quedar. Para todas.



Reunión dos concelleiros do BNG de Ares Miguel García, Carmen Brage, o portavoz municipal Tino Seco, con Cristina García Rey, deputada provincial fronte ao caserío de Vila Dolores (Cervás).

Un luxo que Ares non pode permitirse: a compra de “Villa Dolores”

Un goberno sen rumbo nin sentido común

Villa Dolores é unha vivenda cargada de valor histórico e simbólico que se atopa nun grave estado de deterioro. Rehabilitala require unha intervención custosa e complexa que se calcula en medio millón de euros, e que o goberno municipal acaba de mercala por 250.000 euros. Un capricho de difícil explicación que deixa de lado investimentos prioritarios.

A recuperación do patrimonio é necesaria, mais nunca allea á responsabilidade nin á planificación. O problema non é preservar a memoria colectiva, senón facelo con rumbo, con garantías e dispoñendo dun plan de uso claro que xustifique tal investimento.

Non é a primeira vez que o Concello adquire inmóbeis prometendo usos sociais que

nunca chegaron: a Casa da Virxe, o picadeiro de Montefaro ou a Reitoral son exemplos de espazos sen vida nin utilidade pública.

A veciñanza pregúntase como podemos permitirmos seguir acumulando edificios mentres hai necesidades urxentes sen cubrir en servizos sociais, mocidade, mantemento urbano ou instalacións deportivas e educativas.

O patrimonio debe estar ao servizo da veciñanza, con participación cidadá, cunha finalidade real e sostíbel. Sen iso, só é unha fachada cara á galería, un luxo improdutivo. Desde o BNG, defendemos que cada euro público teña retorno social. A historia non se honra con xestos baleiros, senón con decisións responsábeis.

Sabías que...

- ...esta Semana Santa 2025 volveu a haber problemas de **abastecemento de auga**?
- ...cos problemas de aparcamento que temos en Ares, hai concelleiros que dispoñen da praza da alcaldía para **uso persoal**?
- ...as empresas madeireiras seguen a incumprir a normativa municipal, desfacendo o noso **patrimonio natural** coa pasividade do alcalde e do seu goberno?
- ...non se pode utilizar o aparcadoiro da Reitoral porque **se inunda**?
- ...o prazo de execución das obras do Mosteiro de Santa Catalina, cunha subvención de 3 millóns de euros do goberno do Estado **caduca en decembro** e aínda non se anunciou ningún proxecto?

O alcalde prefire cobrar medio millón en multas que facilitar o aparcamento

O BNG demanda unha política xusta e planificada na mobilidade urbana

O conflito co aparcadoiro de residentes en Redes non é un caso illado, senón o reflexo dun problema máis amplo: a **falta dunha política de mobilidade xusta e planificada** no conxunto do concello de Ares.

Cómpre atopar un equilibrio real entre o dereito da veciñanza a estacionar e o acceso de quen nos visita. Aplicar restricións durante todo o ano a problemas que só se producen no verán non é razoábel. E moito menos cando a percepción cidadá é que se prioriza a recadación antes que a solución.



A mobilidade en Ares, un problema crónico que segue sen solución.

En 2024, as multas só en Redes superaron o medio millón de euros.

Os problemas esténdense a todo o municipio. Os aparcadoiros disuasorios do casco urbano non funcionan, as praias carecen de espazos adecuados e a sinalización confunde máis do que informa. O modelo actual, baseado na sanción, nin resolve a mobilidade nin favorece o turismo de calidade que se di querer atraer.

O BNG de Ares aposta por outro modelo: máis prevención, mellor información, ordenanzas adaptadas á realidade estacional e unha planificación que teña en conta tanto á veciñanza como ás persoas visitantes.

As obras en Ares reproducen a xestión sen control do goberno local

O BNG exige supervisión técnica, mantemento e planificación municipal

As obras públicas deben mellorar a vida da veciñanza, mais en Ares moitas acaban sendo exemplos de mala planificación e peor execución. A rotura da tubaxe na praia, o “camiño escolar seguro” que se inunda, o aparcadoiro da Reitoral ou o pavillón municipal que non se pode usar, amosan unha xestión sen control.

A veciñanza reclama **máis supervisión técnica, control da calidade e planificación útil**.

Os cartos públicos son de todas. Non poden seguir malgastándose en obras que non serven á xente.

O BNG de Ares demanda:

- Control rigoroso da calidade en todas as obras.
- Supervisión técnica antes de dar por rematadas as actuacións.
- Prioridade para o mantemento das infraestruturas xa existentes.
- Planificación realista e útil, sen improvisacións nin obras de escaparate.

A xente pregunta que foi de...

...a **reforma da Reitoral** na que se gastaron preto de 300.000 euros?

...o proxecto “estrela” do **novo cemiterio** de Ares?

...o proxecto da “**Cidade Deportiva**” de Pedrós?

Ana Pontón, portavoz nacional do BNG

Ana Pontón: “Galiza só avanzará se nos facemos valer. O PP traballa a favor de Madrid e das grandes empresas amigas”



Ana Pontón, portavoz nacional.

Vostede sempre di que a sociedade galega é unha sociedade viva e mobilizada.

Si, é así. Temos que sacarnos de enriba os tópicos que aínda pesan sobre nós. Temos que dicilo con claridade e sen complexos: somos un país rico, cheo de recursos e de potencial, pero estamos discriminados e expoliados. E si, tamén, somos un pobo vivo e mobilizado, que sae á rúa a defender o seu futuro cada vez que nos sentimos agredidos. Fixémolo co Nunca Máis, facémolo na defensa da lingua, fixémolo masivamente pola sanidade pública ou contra Altri. Pero hai a quen lle interesa facer crer que nada se move.

Á Televisión de Galicia, por exemplo.

Ao PP. Interésalle ao PP, que converteu a TVG e a

Radio Galega no seu aparato de propaganda. Chegan a emitir noticias falsas sobre o BNG. Tanto lles preocupa o medre dun BNG á alza que xa non saben que facer. A situación de manipulación e de control mediático do PP en Galiza é tremenda, e non imos deixar de denunciálo.

A pesar dese control, as políticas do PP teñen moita contestación social.

Claro, e cada vez máis. Porque a xente percibe claramente o que ocorre cando vai ao centro de saúde, ou cando busca piso de alugueiro ou cando paga a factura da luz. Por iso cada vez máis xente sae a defender a sanidade pública, ou a esixir que a vivenda sexa un dereito e non un negocio, ou entende que temos que poñer fin ao espolio enerxético que padecemos, co país cheo de eólicos nos montes e centrais nos ríos e pagando a luz máis cara que en Madrid, que non produce un só quilowatt. E o BNG é a referencia política destas loitas e da defensa dunha Galiza con futuro.

A chave para cambiar as cousas é facerse valer, di vostede.

Claro, facerse valer como país. Ese é o cambio real en Galiza. Actuar coma un país adulto, que mira polo seu futuro e os seus intereses. Para que a riqueza e os recursos galegos estean ao servizo de crear aquí riqueza e emprego. Ou para as empresas que traballan aquí coticen aquí, e non en Madrid. Ou para xestionar nós os nosos impostos e decidir en que precisamos investilos. Iso é facerse valer. Mirar polo noso e poñer fin á discriminación do Estado con Galiza, que se dá sempre, governe en Madrid quen governe. As cousas só cambian a mellor para Galiza cando temos peso político propio, cunha forza propia como o BNG. O PP traballa, desde a Xunta, a favor de Madrid e das grandes empresas amigas.

Contacta co BNG!

 Rúa dos Anxos, 69, baixo, 15624 (Ares)

 981 468 673

 ares@bng.gal

 @obloque

 @obloque

 ares.bng.gal

 @bngares

